

MINISTERIO DE FACENDA

1672 *ORDE HAC/114/2004, do 27 de xaneiro, pola que se aproban os modelos normalizados de acordo transaccional, en relación cos danos ocasionados polo accidente do buque Prestige. («BOE» 25, do 29-01-2004.)*

O Real decreto lei 4/2003, do 20 de xuño, sobre actuacións para o aboamento de indemnizacións en relación cos danos ocasionados polo accidente do buque Prestige, na súa disposición derradeira primeira, habilita o ministro de Facenda para que por orde aprobe o modelo normalizado de acordo transaccional, no que os damnificados deben desistir e renunciar a tódalas súas accións xudiciais e a calquera reclamación indemnizatoria extraxudicial derivada do sinistro, percibindo como contrapartida unha cantidade de diñeiro, o cálculo da cal ha de efectuarse a partir da valoración dos danos producidos. Pola súa parte, o Real decreto 1053/2003, do 1 de agosto, polo que se aproban normas de desenvolvemento do real decreto lei mencionado, no seu artigo 5, tamén se refire ó citado modelo normalizado.

Neste contexto, esta orde ten como obxecto dar cumprimento a estes mandatos, ben que, en realidade, se consideran dous modelos diferentes de acordo transaccional.

O primeiro deles (anexo I) refírese ó suposto normal de que no acordo se conteña a valoración de tódolos danos indemnizables sufridos polo suxeito damnificado, sexa cal sexa o sistema de valoración utilizado —a estimación obxectiva regulada no artigo 3 do Real decreto 1053/2003, a estimación directa regulada no artigo 4 do mesmo real decreto, ou ambas—. Neste caso, a proposta de acordo efectuarase naquel momento en que finalizasen, totalmente, as ditas actuacións de valoración.

Sen embargo, hai que ter en conta que a utilización do sistema de estimación obxectiva permite que a valoración se efectúe nun prazo moi breve, mentres que a estimación directa require actuacións máis dilatadas no tempo. Nesta situación, na hipótese de que en relación cun mesmo damnificado se solicite a indemnización de danos que teñan que valorarse polos dous sistemas, pode darse a circunstancia de que o dito damnificado considere vantaxoso percibi-la indemnización correspondente ós danos valorados polo método de estimación obxectiva sen esperar a que finalice a valoración daqueles danos en que debe utilizarse a estimación directa.

Á vista diso, considerouse oportuno, neste caso, ofrecerlle ó damnificado a alternativa de proceder á sinatura do acordo, con percepción inmediata das cantidades correspondentes ós referidos danos valorados obxectivamente, de tal xeito que quedaría pendente para un momento posterior a valoración dos danos por estimación directa e, caso de habelos, a correspondente indemnización referida a estes. O modelo de acordo para este suposto sería o incorporado no anexo II, completado por un modelo de documento complementario recollido no anexo III.

Polo demais, a forma do acordo supón que o ministro de Facenda, ou autoridade en quen delegue, lle comunicará a proposta de acordo ou convenio, xa formalizado cos datos non especificados no modelo, que, se é aceptada polos damnificados e unha vez asinada por estes, deberá ser devolta ó ministro de Facenda, no prazo de 30 días desde a recepción da proposta, para que esta sexa formalizada coa sinatura do ministro de Facenda e do representante do Instituto de Crédito Oficial.

Non obstante, para maior seguridade xurídica dos damnificados, entenderase que a data do acordo tran-

saccional é a da súa devolución ó Ministerio de Facenda, data a partir da cal comezarán os prazos fixados no acordo para a instrución do ministro de Facenda ó ICO e desde esta para o pagamento polo ICO ós damnificados.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único.

En execución do disposto na disposición derradeira primeira do Real decreto lei 4/2003, do 20 de xuño, e no artigo 5 do Real decreto 1053/2003, do 1 de agosto, aprobo os modelos normalizados de acordo transaccional e documento complementario, que se subscribirán cos damnificados que o acepten, contidos nos anexos.

Madrid, 27 de xaneiro de 2004.

MONTORO ROMERO

Ilmo. Sr. Subsecretario de Facenda.

ANEXO I

Acordo transaccional en relación co sinistro do buque Prestige

COMPARECEN:

1.
.....
.....
.....
.....
(No sucesivo o/os damnificados)
2. O Instituto de Crédito Oficial, representado por
.....
.....
3. O ministro de Facenda, e pola súa delegación (O.M. 22-11-2000) o subsecretario de Facenda
.....

EXPOÑEN:

Que con relación ó sinistro sufrido polo buque Prestige, o/os damnificados aceptan expresamente como valoración dos seus danos por tódolos conceptos, consecuencia directa ou indirecta das verteduras contaminantes acaecidas polo citado sinistro a cantidade de
.....

ESTIPULAN:

1. O/os damnificados que reciban o importe da indemnización desisten de forma expresa, irrevogable e incondicional de calquera acción, recurso, instancia ou reclamación, xudicial ou extraxudicial, pendente de resolución e, así mesmo, renuncian a presentar no futuro calquera acción, procedemento ou reclamación, calquera que sexa a súa natureza, carácter ou denominación, xudicial ou extraxudicial, relativas ó sinistro do buque Prestige.

2. O Estado español subrogarase, e así o aceptan expresamente neste acordo o/os damnificados, en tódalas súas accións xudiciais e en calquera reclamación indemnizatoria extraxudicial derivada do sinistro do buque Prestige.

3. A data deste acordo entenderase que é a da súa devolución ó Ministerio de Facenda, unha vez asinado

polo/os damnificados, mediante a súa presentación en calquera dos rexistros a que se refire o artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

4. O Instituto de Crédito Oficial, de conformidade co disposto no artigo 6 do Real decreto lei 4/2003, do 20 de xuño, comprométese a aboa-la contía sinalada na parte expositiva deste acordo. Para estes efectos, e en virtude do artigo 6 do Real decreto 1053/2003, do 1 de agosto, unha vez formalizado este acordo coa sinatura do ministro de Facenda e do representante do Instituto de Crédito Oficial, o ministro de Facenda instruirá debidamente o ICO, no prazo máximo de desde a data deste acordo, indicando a conta bancaria designada polo interesado. O pagamento polo ICO será realizado dunha soa vez, no prazo máximo de desde a data da instrucción polo Ministerio de Facenda.

5. No caso de que o/os damnificados formalizasen un préstamo co ICO e constituísen a garantía de que a dita entidade se subroga no dereito a percibi-la indemnización, recibirán do ICO carta de pagamento polo principal e xuros do préstamo no importe correspondente ó da indemnización, aboando o remanente ou diminuindo o importe do préstamo, segundo proceda en cada caso.

Ministro de Facenda Instituto de Crédito Oficial O/os damnificados

ANEXO II

Acordo transaccional en relación co sinistro do buque Prestige en caso de opción pola estimación obxectiva anticipada

COMPARECEN:

1.
.....
.....
.....
.....
(No sucesivo o/os damnificados)

2. O Instituto de Crédito Oficial, representado por
.....
.....

3. O ministro de Facenda, e pola súa delegación (O.M. 22-11-2000) o subsecretario de Facenda

EXPOÑEN:

Que con relación ó sinistro sufrido polo buque Prestige, o/os damnificados aceptan expresamente como valoración dos seus danos susceptibles de estimación obxectiva, consecuencia directa ou indirecta das verteduras contaminantes acaecidas polo citado sinistro a cantidade de

ESTIPULAN:

1. O/os damnificados que reciban o importe da indemnización desisten de forma expresa, irrevogable e incondicional de calquera acción, recurso, instancia ou reclamación, xudicial ou extraxudicial, pendente de resolución e, así mesmo, renuncian a interpoñer no futuro calquera acción, procedemento ou reclamación, calquera que sexa a súa natureza, carácter ou denominación, xudicial ou extraxudicial, relativas ó sinistro do buque Prestige.

2. O Estado español subrogarase, e así o aceptan expresamente neste acordo o/os damnificados, en todas as súas accións xudiciais e en calquera reclamación indemnizatoria extraxudicial derivada do sinistro do buque Prestige.

3. A data deste acordo, unha vez formalizado coa sinatura do/dos damnificados, entenderase que é a súa devolución ó Ministerio de Facenda mediante a súa presentación en calquera dos rexistros a que se refire o artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

4. O Instituto de Crédito Oficial, de conformidade co disposto no artigo 6 do Real decreto lei 4/2003, do 20 de xuño, comprométese a aboa-la contía sinalada na parte expositiva deste acordo. Para estes efectos, e en virtude do artigo 6 do Real decreto 1053/2003, do 1 de agosto, unha vez formalizado este acordo coa sinatura do ministro de Facenda e do representante do Instituto de Crédito Oficial, o ministro de Facenda instruirá debidamente o ICO, no prazo máximo de desde a data deste acordo, indicando a conta bancaria designada polo interesado. O pagamento polo ICO será realizado dunha soa vez, no prazo máximo de desde a data da instrucción polo Ministerio de Facenda.

5. No caso de que o/os damnificados formalizasen un préstamo co ICO e constituísen a garantía de que a dita entidade se subroga no dereito a percibi-la indemnización, recibirán do ICO carta de pagamento polo principal e xuros do préstamo no importe correspondente ó da indemnización aboando o remanente ou diminuindo o importe do préstamo, segundo proceda en cada caso.

6. O existiren danos susceptibles de estimación obxectiva e tamén posibles danos que teñan que ser obxecto de valoración directa, enténdese que a cifra que figura na parte expositiva se refire só ós primeiros, quedando, se é o caso, pendentes de aboa-los posibles danos directos, a valoración dos cales, realizada segundo o disposto no artigo 4 do Real decreto 1053/2003, do 1 de agosto, dará lugar no seu día a un documento complementario deste acordo transaccional.

Ministerio de Facenda Instituto de Crédito Oficial O/os damnificado/s

ANEXO III

Documento complementario en relación co sinistro do buque Prestige en caso de opción pola estimación obxectiva anticipada

COMPARECEN:

1.
.....
.....
.....
.....
(No sucesivo o/os damnificados)

2. O Instituto de Crédito Oficial, representado por
.....
.....

3. O ministro de Facenda, e pola súa delegación (O.M. 22-11-2000) o subsecretario de Facenda

EXPOÑEN:

1. Que con relación ó sinistro sufrido polo buque Prestige, o/os damnificados solicitaron no seu día indemnización por danos susceptibles de estimación obxectiva e danos que requirían estimación directa.

0
2. Que no seu día se asinou o correspondente acordo transaccional.

3. Que os danos que requiriron estimación directa, de acordo co disposto no artigo 4 do Real decreto 1.053/2003, do 1 de agosto, ascenden á cantidade de

4. A data deste documento entenderase que é a da súa devolución ó Ministerio de Facenda, unha vez asinado polo/os damnificados, mediante a súa presentación en calquera dos rexistros a que se refire o artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

5. O Instituto de Crédito Oficial, de conformidade co disposto no artigo 6 do Real decreto lei 4/2003, do 20 de xuño, comprométese a aboa-la contía sinalada no expoñendo deste acordo. Para estes efectos, e en virtude do artigo 6 do Real decreto 1053/2003, do 1 de agosto, unha vez formalizado este acordo coa sinatura do ministro de Facenda e do representante do Instituto de Crédito Oficial, o ministro de Facenda instruirá debidamente o ICO, no prazo máximo de desde a data deste acordo, indicando a conta bancaria designada polo interesado. O pagamento polo ICO será realizado dunha soa vez, no prazo máximo de desde a data da instrucción polo Ministerio de Facenda.

6. No caso de que o/os damnificados formalizasen un préstamo co ICO e constituísen a garantía de que a dita entidade se subroga no dereito a percibi-la indemnización, recibirán do ICO carta de pagamento polo principal e xuros do préstamo no importe correspondente ó da indemnización, aboando o remanente ou diminuíndo o importe do préstamo, segundo proceda en cada caso.

Ministro de Facenda Instituto de Crédito Oficial O/Os Damnificados

MINISTERIO DE ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

1735 *ORDE APU/126/2004, do 23 de xaneiro, de desenvolvemento e aplicación do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado nos investimentos das entidades locais.* («BOE» 26, do 30-1-2004.)

O Real decreto 835/2003, do 27 de xuño (BOE n.º 166, do 12 de xullo), substituíu o Real decreto 1328/1997, do 1 de agosto (BOE n.º 199, do 20 de agosto; corrección de erros no BOE n.º 215, do 8 de setembro), como norma regulamentaria sobre cooperación económica do Estado nos investimentos das entidades locais, elaborándose sobre a base do principio xenérico de cooperación recollido nos artigos 55 e 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, exercido con respecto á autonomía, constitucionalmente garantida, que posúen os entes locais no desenvolvemento das súas competencias para a prestación dos servizos que teñen encomendados.

O citado real decreto presenta, respecto do seu antecesor, modificacións que tentan amplia-lo ámbito da cooperación económica do Estado nos investimentos das entidades locais, ben como lograr unha maior axilidade no procedemento de concesión, execución e pagamento

das subvencións ás entidades locais no marco dos plans provinciais e insulares de cooperación e das intervencións comunitarias cofinanciadas polo Estado a través do programa de cooperación económica local; supondo a súa principal novidade a extensión desta cooperación económica estatal a novos ámbitos de actuación coa inclusión de achegas ós denominados proxectos singulares en materia de desenvolvemento local e urbano que buscan cofinanciar investimentos destinados á consecución de efectos socioeconómicos dinamizadores impulsando actividades e prestando servizos públicos tendentes a satisfacer as aspiracións da comunidade veciñal.

A súa disposición derradeira primeira faculta o ministro de Administracións Públicas para dictar, no ámbito das súas competencias, as normas necesarias para a aplicación e desenvolvemento do previsto nel, sendo o principal obxectivo a eficaz aplicación do disposto no real decreto, procurando a máxima concreción dos preceptos establecidos para evitar dilacións na xestión dos procedementos de concesión das subvencións.

Ó abeiro desta autorización, e co obxecto de alcanzar os fins aludidos, apróbase esta orde, do contido da cal se salientan as seguintes materias: en primeiro lugar procédese, dentro do previsto con carácter xenérico para a cooperación económica do Estado nos investimentos das entidades locais, a detalla-la súa estrutura desenvolvéndose o relativo á enquisa de infraestrutura e equipamentos locais; establécese, en segundo lugar, o bloque normativo relativo ós plans provinciais e insulares de cooperación que recolle un amplo conxunto de ítems que abranguen desde as condicións que deben reunir os ditos plans para obterer a subvención do Estado ata a aplicación dos remanentes que se poidan xerar, mediante a aprobación dos plans complementarios regulados nun epígrafe propio; indícase, pola súa vez, o contido e a información que os plans provinciais e insulares de cooperación e, se é o caso, os antes citados plans complementarios, deben recoller, ben como os requisitos para a súa remisión; concrétnanse aspectos relativos ás peticións de prórroga tanto para a adxudicación como para a execución das obras e determínase igualmente o procedemento para o pagamento das subvencións, o contido da información semestral sobre o estado da execución das obras e a presentación da liquidación dos citados plans.

Igualmente, fíxanse os criterios que se deben seguir no marco das intervencións comunitarias cofinanciadas polo programa de cooperación económica local.

Dentro do ámbito relativo ós proxectos singulares de desenvolvemento local e urbano determínanse as características destes, ben como as condicións que deben reunir e a documentación que deben conter, realizándose unha regulación dos prazos de adxudicación e execución e as posibles prórrogas que sobre eles se poidan conceder; determínase, alén do contido que debe presentala información sobre o estado de execución das obras, o procedemento para o libramento das subvencións e a súa xustificación, e establécese, igualmente, a composición e funcionamento da comisión de valoración que elevará a proposta de resolución correspondente ó secretario de Estado de Organización Territorial do Estado.

Dentro do desenvolvemento das disposicións adicionais do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, e en consonancia co recollido respecto á contribución estatal ó Plan Único de Obras e Servizos da Comunidade Autónoma de Cataluña, inclúense epígrafes para o desenvolvemento das particularidades propias desta actuación.

A presente orde ministerial inclúe epígrafes que complementan o establecido na disposición adicional cuarta relativa á utilización de medios electrónicos, informáticos